Resumo da Unidade 2. Formación da monarquía Hispánica e Colonización. (1ª quincena, 2ª semana)

1. **Introdución. Orixes da Monarquía:** Orixes do poder da monarquía e bases da mesma
2. **Unión Dinástica: integración das Coroas de Castela e Aragón:** a chegada ao poder en Castela, de Isabel; Guerra de Sucesión (1474-1479). O significado real da Unión.
3. **Fundamentos e características da monarquía Hispánica**

3.1.-Fundamentos : carácter divino da Monarquía: A sucesión herditaria. As Partidas de Alfonso X.
3.2.-Características: Concentración dos poderes executivo, lexislativo e xudicial

4.- Recepción do Dereito Romano: proporcionou unha base doutrinal nova para as monarquías feudais xustificando o poder rexio absoluto e desenvolvendo as ideas de Soberanía e Estado

5.- Formación da monarquía hispánica. Os Reis Católicos

5.1.-A construción do Estado moderno: creación de mecanismos que reforzaban o poder do Estado: **a facenda, o exército, o exército, o control ideolóxico, e a unidade territorial.**

5.1.1 Política interior dos Reis Católicos

5.1.1.1 Galicia na Monarquía Hispánica: reformas de orde pacificadora, creando cargos específicos como a **Capitanía Xeral ou a Real Audiencia do Reino de Galicia**, con competencias gobernativas e xudiciais;

5.1.1.1.1 Economía: o FORO

5.1.1.1.2 Sociedade: a **Fidalguía intermediaria**

5.1.2. A ampliación territorial .

- Reino de Granada
- Reino de Navarra
- As illas Canarias

6.- Institucións de goberno

Poder municipal: consolidación dos Correxidores
Poder relixioso: introdución en Castela do Tribunal da Santa Inquisición desde 1478. Acabouse coa tradicional tolerancia relixiosa entre cristiáns, xudeus e musulmáns: Decreto de expulsión dos Xudeus(1492).
Poder da policía. A política encamiñada a poñer orde no reino levou aos reis a crear a **Santa Hermandad.**
Crecemento **da burocracia real** e da formación dun **exército permanente** basado nos terzos. **As Cortes** seguían tendo as funcións tradicionais de aprobación, a proposta dos reis, de leis e de recadación de impostos.

6.1 Política exterior dos Reis Católicos

A Importancia da Política matrimonalista dos reis católicos como factor de anexión , "conquista" e alianzas diversas. Consecuencias da aplicación desta política.

6.1.1 Expansión ultramarina e creación do imperio colonial. Conquista e Colonización O impacto da colonización de América.

Causas e consecuencias do proxecto de Colón. **Capitulaciones de Santa Fe,** polas que se establecían as compensacións desorbitadas que recibiría Colón se esta empresa triunfaba.

Tratado de Tordesillas (1494). Os novos descubrimentos, enfrontaron a Castela con Portugal e houbo que delimitar a soberanía das dúas zonas, con intervención directa do Papa Alejandro VI. A partición das zonas de expansión e navegación entre Castela e Portugal.

7. - A España do Século XVI. O modelo político dos Austrias:

Desenvolveuse todo un réxime de consellos chamado **polisinodial** (varios sínodos ou reunións). A Administración central no período dos Austrias non terminaba nese sistema polisinodial, senón que se completaba con outras realidades institucionais non tan elaboradas como os consellos.
No século XVI, asentábase **no Rei**, **os Consellos e os Secretarios -Secretarios de Estado e Secretarios persoais** do monarca.
No século XVII, ás institucións anteriores sumáronse: **os validos** e **as Xuntas.**
Carlos I e Felipe II, configuraron un **modelo político para a monarquía hispánica** no que houberon de contemplar a administración de América.

7.1 O emperador Carlos I. Os problemas do rei iniciáronse coa súa **aspiración ao imperio**, triunfo exterior que lle trouxo, por diversas razóns, conflitos internos, en concreto, **as revoltas das Comunidades e das Germanías . A nobreza** que fora o obxecto das iras populares, non só nas Germanías senón tamén nas Comunidades, tivo medo e viu a necesidade de **apoiar ao monarca** sen reservas**, para conseguir garantías de mantemento dunha orde social que lles era favorable.**

7.2 O goberno e a administración de América : A preocupación dos reis pola gobernación dos súbditos americanos levou a crear as **institucións** apropiadas para conseguilo:

Institucións en Castela: Consello de Indias e A Casa de Contratación

Institucións en América: Virreinatos e Audiencias

7.3 Felipe II. Política interior Os Habsburgo ou Austrias continuaron e desenvolveron a organización política herdada dos Reis Católicos. Procuraron rodearse de **letrados, funcionarios expertos en leis que non pertencía á alta nobreza**. establecéronse **Vicerreis** (Aragón, Indias, Italia) ou **Gobernadores** (Países Baixos, Milán). Estes cargos foron exercidos por altos nobres ou membros da familia real. O Rei estaba asesorado polos Consellos (**sistema polisinodial**).

A política interior do monarca estivo en boa medida relacionada coa súa política exterior : a súa actuación estivo dentro das **liñas organizativas que**

distinguen a monarquía dos Austrias. Os asuntos esenciais de política interior foron: a herdanza do reino: a sublevación dos moriscos e o recorte dos Fueros de Aragón. Mención especial merece o tema da unidade ibérica ao conseguir a anexión de Portugal.

8. - Evolución económica e social no século XVII:

O século XVII foi un século de **crise económica** en Europa en xeral, no Mediterráneo en particular, e, moi especialmente, na Península Ibérica. Na Coroa española a crise foi **máis temprana e máis profunda** que no resto de Europa: problemas demográficos, a expulsión dos moriscos en 1609, e o incremento dos membros do clero que redundou no descenso da taxa de natalidad cruentas epidemias, entre as que destacan as de peste, coincidindo con épocas de carestía e fame e guerras exteriores.

Na segunda metade do século, a crise continuou e se agudizou. **Á decadencia da agricultura**, agravada pola expulsión dos moriscos, uníuselle a **da ganadería lanar,** que atopou graves dificultades para a exportación, e a **da industria**, incapaz de competir coas producións estranxeiras. **O comercio** tamén entrou nunha fase recesiva**, cuxa consecuencia principal foi** a **diminución da circulación monetaria**.

A **sociedade estamental** española viviu un proceso de polarización marcada polo empobrecimiento dun campesinado que constituía a maior parte da poboación, a debilidade da burguesía e as clases medias, e o crecemento numérico dos grupos sociais improdutivos como a nobreza e o clero nun extremo e os marxinados noutro.

A España dos Austrias Menores: Os validos

Validos de Felipe III: Duque de Lerma e Duque de Uceda.

Validos de Felipe IV: Conde-Duque de Olivares e Luís de Haro.

Validos de Carlos II: Padre Nithard, Fernando Valenzuela, durante a Rexencia de Mariana de Austria (1665-1675), Duque de Medinaceli e Conde de Oropesa (Carlos II).

- **Os conflitos internos** Desde o século XVI manifestáronse conflitos entre **unha tendencia centralizadora**, que trataba de homoxeneizar os territorios da Coroa seguindo o modelo de reino máis poderoso, Castilla, e unha tendencia **descentralizadora** que buscaba o mantemento de las as leis **(fueros)** e institucións particulares de cada territorio.

- **A política exterior.O ocaso da hexemonía dos Habsburgo.** O século XVII foi testemuña da aparición e consolidación dunha nova orde internacional en Europa. As guerras foron unha constante do que foi denominado **Século de ferro**.

A Paz de Westfalia de 1648 puxo fin á Guerra dos Trinta Anos. Este tratado significou o triunfo dunha “Europa horizontal”, baseada en monarquías independentes e na procura do equilibrio diplomático e militar, e a derrota o triunfo dunha “Europa vertical”,, na que os reinos estarían subordinados ao Emperador e ao Papa; ademais, supuxo o fin da hexemonía dos Habsburgo (Austrias) nas súas dúas ramas, a de Madrid e a de Viena, en Europa.

A débil monarquía de Carlos II (1665-1700) foi incapaz de frear ao expansionismo francés de Luís XIV. A súa morte sen descendencia provocou a **Guerra de Sucesión (1701-1713)** ao trono español na que ao conflito interno se superpondrá un conflito europeo xeneral. **A Paz de Utrecht en 1713 significou o fin do imperio español en Europa.**